

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 6 de febreiro de 2020 pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación xestionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2020 (códigos de procedemento VI422E, VI408H, VI422F, VI406A e VI426C).*

O artigo 91 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, establece que o Instituto Galego da Vivenda e Solo desenvolverá políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia atendendo a criterios de accesibilidade, sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes. O artigo 94 da citada lei establece que os programas de rehabilitación poderán dispor para a súa execución de medidas específicas de fomento, de axudas ao financiamento, de préstamos subsidiados, de anticipos, de incentivos fiscais e de calquera outro instrumento, nos termos que se establezan nas correspondentes normas de desenvolvemento.

Neste contexto, o Instituto Galego da Vivenda e Solo puxo en marcha un conxunto de medidas encamiñadas a fomentar a rehabilitación de edificios e vivendas, algunhas delas previstas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (*Boletín Oficial del Estado* núm. 61, do 9 de marzo), e outras de carácter exclusivamente autonómico.

Entre as primeiras medidas destacan as subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, dirixidas á rehabilitación de vivendas e edificios de tipoloxía residencial colectiva, situados tanto en ámbitos urbanos como rurais.

Así mesmo, é preciso citar o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, que prevé un programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, que en Galicia se xestiona a través da figura das áreas de rehabilitación integral. Concretamente, no marco deste programa poderanse financiar as actuacións de rehabilitación e renovación de edificios e vivendas que se realicen no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Dentro das medidas exclusivamente autonómicas, ten especial relevancia o Plan Reha-Vlta, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020,



aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 12 de febreiro de 2015 e que establece diferentes programas dirixidos a fomentar o acceso á vivenda e a rehabilitación e renovación urbanas, como son o Programa Rehaluga, a reparación de infravivendas ou o Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas.

Así, o Programa Rehaluga persegue incentivar as persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas desocupadas existentes nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación dunha liña de subvencións dirixidas ás actuacións de rehabilitación, mantemento e reforma das ditas vivendas para o seu destino ao alugamento no marco do Programa de vivendas baleiras.

O Programa de infravivenda ten como obxectivo outorgar axudas aos concellos de menos de 10.000 habitantes para acometer actuacións urxentes e imprescindibles, para os efectos de mellorar o estado das edificacións ou vivendas propiedade dos concellos ou de persoas propietarias en risco de exclusión residencial.

Por último, aínda que non é obxecto desta convocatoria, o Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas consiste no establecemento dunha liña de préstamos dirixida a financiar a execución destas obras, sempre que estes inmobles estean situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como, de ser o caso, unha subvención consistente na subsidiación dos xuros deses préstamos para as persoas que cumpran os requisitos exixidos.

Á marxe das anteriores liñas de axudas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo implantou o Programa de vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, coa finalidade de prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para rehabilitar os edificios e as vivendas destinados no seu día a vivenda dos mestres ou doutros oficios, así como aqueloutros de titularidade municipal susceptibles dun uso residencial, para que poidan destinarse, en réxime de alugamento, á vivenda habitual e permanente de unidades de convivencia con escasos recursos económicos.

Por outra banda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca cada ano o Fondo de Cooperación para concellos de menos de 50.000 habitantes, que aínda que non se inclúe nesta resolución, constitúe un importante instrumento de financiamento de actuacións de rehabilitación para os concellos e é compatible coas subvencións convocadas nesta resolución para a Administración municipal.



A variedade das axudas destinadas a actuacións de rehabilitación xestionadas por este organismo aconsella efectuar, nun único texto e non nunha pluralidade, unha convocatoria conxunta deste tipo de subvencións para facilitar, deste xeito, o seu coñecemento por parte dos seus potenciais destinatarios.

Esta resolución ten por obxecto convocar as seguintes subvencións para a anualidade de 2020:

– Subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Por razóns orzamentarias, exclúense das persoas beneficiarias destas subvencións:

a) As persoas xurídicas de natureza privada.

b) As sociedades cooperativas compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas e edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de división horizontal, así como por persoas propietarias que conforman comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

c) As empresas construtoras, inquilinas ou concesionarias de edificios, así como as cooperativas, que acrediten a dita condición mediante contrato coa propiedade que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto das citadas liñas de axudas.

– Subvencións do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, correspondentes ás áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Por razóns orzamentarias, exclúense das súas persoas beneficiarias, respecto da ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas, as administracións públicas con competencias neste ámbito.

– Subvencións do Programa para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal.

– Subvencións do Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.



– Subvencións do Programa Rehaluga para as persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras. Por razóns orzamentarias, exclúense desta convocatoria as persoas xurídicas privadas.

A tramitación destas convocatorias axústase á Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos. Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 habilítanse créditos para o financiamento destas axudas.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

**RESOLVO:**

**I. Disposicións xerais.**

**Primeiro. *Obxecto e réxime das axudas***

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2020 as subvencións dos seguintes programas para actuacións de rehabilitación:

a) Programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (en diante, Plan 2018-2021), con carácter plurianual, que se tramitarán co código de procedemento VI422E.

b) Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, correspondente ás áreas de rehabilitación integral (en diante, ARI) dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, que se tramitará co código de procedemento VI408H.

c) Programa para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, con carácter plurianual, que se tramitará co código de procedemento VI422F.



d) Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, que se tramitará co código de procedemento VI406A.

e) Programa Rehaluga para as persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, que se tramitará co código de procedemento VI426C.

2. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Segundo. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras das subvencións obxecto desta convocatoria están recollidas nas seguintes disposicións:

1. Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual, código de procedemento VI422E, publicada no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) núm. 143, do 30 de xullo.

2. Resolución do 20 de xuño de 2019 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021 e se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, código de procedemento VI408H (DOG núm. 124, do 2 de xullo).

3. Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, código de procedemento VI422F (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro).

4. Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan



galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, código de procedemento VI406A (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro).

5. Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, código de procedemento VI426C (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro).

#### Terceiro. *Crédito orzamentario*

1. As subvencións obxecto desta convocatoria faranse efectivas con cargo ás aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se especifican nesta resolución.

2. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

3. As contías establecidas nestas convocatorias poderán ser obxecto de ampliación mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), e isto terán efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. No suposto de existir remanente nalgunha/s das anteriores aplicacións, poderíase utilizar para financiar solicitudes doutras aplicacións mediante a pertinente xestión orzamentaria.

A alteración da distribución da contía total máxima entre os créditos orzamentarios non precisará dunha nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación polos mesmos medios que a convocatoria, de acordo co previsto no artigo 31 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Cuarto. *Solicitudes e documentación complementaria*

1. As solicitudes realizaranse mediante a presentación dos formularios que se incorporan como anexo I (código VI422E), anexo II (código VI408H), anexo III (código VI422F),



anexo IV (código VI406A) e anexo V (VI426C) desta resolución, en función do tipo de subvención solicitada, que están dispoñibles tamén na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Deberán dirixirse ao órgano que se especifique para cada tipo de subvención.

2. No formulario de solicitude, a persoa ou entidade interesada realizará as seguintes declaracións.

a) Declaración de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que sexa solicitada ou obtida pola persoa ou entidade solicitante para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) Declaración responsable de que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Declaración responsable de que non está incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

f) No suposto de subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021 (código de procedemento VI422E) e do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, correspondentes ás ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (código de procedemento VI408H), declaración responsable de que nin á persoa solicitante nin a ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia se lle teña revogado ou fose obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda, deste ou dun plan de vivenda anterior, por causa imputable a algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia.

g) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria das axudas que solicita.



h) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son correctos.

3. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as comunidades de persoas propietarias, as agrupacións de comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de persoas propietarias nos procedementos VI422E e VI408H; e para os concellos interesados nos procedementos VI422F e VI406A.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

4. Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Coas solicitudes de subvención deberase xuntar a documentación complementaria especificada nesta resolución, en función do tipo de axuda solicitada.

7. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

CVE-DOG: d19ivf87-ehk1-o9m3-dq01-1yzmafgepjg6





8. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

10. No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Quinto. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas e ás entidades interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa ou entidade interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

No suposto de suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, todos os trámites administrativos que deban realizar durante a tramitación deste procedemento



mento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Sexto. *Órganos competentes*

1. A instrución do procedemento é competencia da área provincial do IGVS onde estea situado o edificio ou a vivenda en que se realicen as actuacións.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas solicitadas.

#### Sétimo. *Procedemento*

1. Sen prexuízo das especialidades establecidas para cada programa de axudas, o procedemento de concesión iníciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación da presente resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude presentada non reunise algún dos requisitos exixidos neste ordinal e/ou non fose acompañada da documentación relacionada nel, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a persoa ou a entidade solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

4. O órgano instrutor, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos, elevará a proposta de resolución de concesión de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

5. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, á vista da proposta efectuada e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que en dereito proceda.



**Oitavo. *Notificacións***

1. As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as súas persoas representantes están obrigadas a recibir as notificacións das resolucións e demais actos administrativos só por medios electrónicos. Para estes efectos, no formulario de solicitude deberán optar pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida unha opción diferente.

2. No caso das persoas físicas, as notificacións das resolucións e demais actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. Non obstante, deberán manifestar expresamente, no formulario de solicitude, a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Sen prexuízo do anterior, poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada na sede electrónica da Xunta de Galicia para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas e ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para estes efectos. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a ela.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, o IGVS practica a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Noveno. *Transparencia e bo goberno***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o IGVS publicará no DOG e na súa



páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. As persoas beneficiarias deberánlle subministrar ao IGVS, logo do requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no DOG.

Décimo. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión destes procedementos e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderanse fundamentar no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá nos formularios.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para tramitar e resolver dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exixida dos procedementos, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo primeiro. *Recursos contra esta resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segundo. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

II. Convocatoria das subvencións dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E).

Décimo terceiro. *Convocatoria das subvencións dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E)*

Un. Obxecto.

Estas subvencións están dirixidas a financiar actuacións de rehabilitación de edificios e/ou vivendas ao abeiro dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e



sustentabilidade (liña A) e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas (liña B) do Plan 2018-2021, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E).

Dous. Crédito orzamentario.

1. As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.780.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte repartición plurianual:

Liñas de axudas	Aplicación	Importe 2020	Importe 2021	Total
Liña A, de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas	07.83.451A.780.6 Proxecto 2018 0005-FFE	900.000 €	1.000.000 €	1.900.000 €
Liña B, de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas	07.83.451A.780.6 Proxecto 2018 0006-FFE	1.000.000 €	1.500.000 €	3.000.000 €
	07.83.451A.780.6 Proxecto 2018 0002-FCA		500.000 €	
Total		1.900.000 €	3.000.000 €	4.900.000 €

2. A concesión das axudas estará supeditada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no marco do Plan 2018-2021.

Tres. Actuacións subvencionables.

1. Consideraranse actuacións subvencionables da liña A) para o fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade das vivendas as seguintes:

a) A mellora da envolvente térmica da vivenda ou do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións en fachada, cuberta ou calquera paramento da dita envolvente, de mellora do seu illamento térmico; a substitución de carpintarías e acristalamentos dos ocos e o cerramento ou acristalamento das terrazas con teito ou outras, incluída a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento.

b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipamento de produción de calor ou frío; a instalación de sistemas de control, regulación e xestión ener-



xética; o illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou a substitución dos equipamentos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de arrefriamento grauíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión de vivendas a redes de calor e frío existentes, entre outros.

c) A instalación de equipamentos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables, como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Incluirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, co fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.

Para a xustificación da demanda enerxética e do consumo de enerxía primaria non renovable na situación previa e posterior ás actuacións sinaladas nas letras a), b) e c), deberase utilizar calquera dos programas informáticos recoñecidos conxuntamente polos ministerios con competencias en fomento e enerxía, turismo e/ou axencia dixital, que se encontran no Rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

Con estas actuacións deberase conseguir unha redución da demanda enerxética anual global sobre a situación previa de, polo menos, un 35 % nas zonas D e E e, un 25 % na zona C, correspondentes ás zonas de clasificación climática establecidas no Código técnico da edificación (en diante, CTE). A dita redución poderase alcanzar de xeito conxunto ou complementario, de calefacción e refrixeración referida a certificación enerxética. Para estes efectos, as actuacións sinaladas nas letras b) e/ou c) deberánse realizar sempre conxuntamente cunha actuación das sinaladas na letra a).

d) As actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE protección contra o ruído (DB-HR).

A xustificación da mellora de protección contra o ruído poderase realizar mediante as opcións do DB-HR ou cunha medición da situación posterior á actuación elaborada por un laboratorio ou entidade, de acordo co artigo 10.3 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

e) As actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE de salubridade (DB-HS) ou, na súa falta, as que afecten elementos



cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m<sup>3</sup> ou coas cales, sen alcanzar o devandito nivel, se reduza a concentración inicial, polo menos, nun 50 %.

A xustificación destas melloras farase mediante os procedementos que se establezan no documento básico do CTE de salubridade (DB-HS) ou, no seu defecto, en virtude das medicións de comprobación dos correspondentes niveis, de acordo co establecido nas guías de seguridade 11.01 e 11.04, do Consello de Seguridade Nuclear.

2. Nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, ademais das anteriores actuacións, serán subvencionables as seguintes:

a) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela, mediante actuacións como a substitución de lámpadas e luminarias por outras de maior rendemento enerxético, xeneralizando, por exemplo, a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de acceso e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.

Para a xustificación da demanda enerxética e do consumo de enerxía primaria non renovable na situación previa e posterior a esta actuación deberase utilizar calquera dos programas informáticos recoñecidos conxuntamente polos ministerios con competencias en fomento e enerxía, turismo e/ou axencia dixital, que se encontran no Rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

Con esta actuación deberase conseguir unha redución da demanda enerxética anual global sobre a situación previa de, polo menos, un 35 % nas zonas D e E e, un 25 % na zona C, correspondentes ás zonas de clasificación climática establecidas no CTE. A dita redución poderase alcanzar de xeito conxunto ou complementario, de calefacción e refrixeración referida a certificación enerxética. Para estes efectos, esta actuación deberase realizar sempre conxuntamente cunha actuación das sinaladas neste punto tres, 1.a).

b) A mellora das instalacións de subministración e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio e doutros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou na parcela ou que reduzan o volume de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros.





c) A mellora ou acondicionamento de instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios e nos espazos comúns das edificacións.

d) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela, co obxecto de mellorar a permeabilidade do solo, adaptar a xardinaría a especies de baixo consumo hídrico, optimizar os sistemas de rega e outras actuacións bioclimáticas.

e) As actuacións que fomenten a mobilidade sustentable nos servizos e nas instalacións comúns dos edificios ou urbanizacións, tales como a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos nos aparcadoiros ou a adecuación de zonas e instalacións de aparcadoiros de bicicletas.

f) As instalacións de fachadas ou cubertas vexetais.

g) A instalación de sistemas de domótica e/ou sensórica.

3. Consideraranse actuacións subvencionables da liña B), para o fomento da conservación, as seguintes actuacións:

a) As relativas ao estado de conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións.

b) As relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluídos os procesos de desamiantado.

c) As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente exixidas.

4. Consideraranse subvencionables da liña B), para a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, as seguintes actuacións:

a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluídos os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.

b) A instalación ou dotación de produtos de apoio, tales como guindastres ou artefactos análogos, que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a ele-



mentos comúns do edificio, de ser o caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.

c) A instalación de elementos de información ou de aviso, tales como sinais luminosos ou sonoros, que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e no interior das vivendas.

d) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como videoproteiros e análogos.

e) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.

f) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do CTE no referido á vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.

g) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA).

Catro. Prazo de execución.

O prazo de execución das actuacións en ningún caso poderá exceder o 30 de novembro de 2021.

Cinco. Efectos retroactivos das axudas.

As actuacións obxecto de financiamento non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020 nin estar finalizadas con carácter previo á publicación desta resolución no DOG. Non obstante o anterior, aquelas persoas ou entidades que solicitasen estas axudas ao abeiro da Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (DOG núm. 143, do 30 de xullo), e lles fosen denegadas por esgotamento do orzamento as cales poderán ter iniciado actuacións con



posterioridade ao 1 de xaneiro de 2019, así como telas finalizadas antes da publicación da convocatoria.

Seis. Datos fiscais e valor do indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM) para a concesión das axudas.

Os datos fiscais que se avaliarán nesta convocatoria para conceder as axudas serán os do exercicio económico 2018. Para valorar as solicitudes utilizarase o valor do IPREM dese mesmo ano.

Sete. Persoas ou entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas destes programas para esta convocatoria:

a) As persoas físicas, xa sexan propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial colectiva e das vivendas situadas nestes edificios.

b) As comunidades de persoas propietarias, así como as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

c) As agrupacións de persoas propietarias.

d) As persoas físicas inquilinas dunha vivenda que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación que correspondan a cambio do pagamento da renda.

2. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou ter a residencia legal en España, no caso das persoas estranxeiras.

3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalguna das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

4. No caso de que a persoa ou a entidade solicitante sexa unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos puntos anteriores deberán cumprilos todos os seus membros.



5. As persoas e/ou as entidades beneficiarias deberán destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate dunha comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe desta como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se lle atribuirá á dita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se ratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

Oito. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Nove. Solicitudes e documentación complementaria.

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do formulario que se incorpora como anexo I a esta resolución (código de procedemento VI422E). Deberase dirixir á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou o edificio.

2. Neste formulario constan como de obrigada consignación os seguintes campos: datos do edificio ou vivenda que se vai rehabilitar, resumo valorado das actuacións de rehabilitación previstas e anualidades de execución. Aquelas solicitudes que sexan presentadas sen consignar os citados campos obrigatorios non serán admitidas a trámite.



3. Coa solicitude deberase presentar a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa física ou entidade solicitante, de ser o caso. A representación deberase acreditar a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos>.

b) No caso de que a solicitante sexa unha persoa física ou unha agrupación de persoas propietarias, que non consten como titulares catastrais, escritura pública, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da vivenda.

c) No caso das comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, copia da escritura da división horizontal.

d) Proxecto técnico ou, se non fose preciso para a autorización das obras, memoria descritiva das actuacións que se van realizar, co contido sinalado no punto 5º do ordinal oitavo das bases reguladoras.

e) Informe técnico con data anterior á presentación da solicitude de axuda que acredite a necesidade da actuación, salvo que a xustificación da actuación se acredite no proxecto técnico ou na memoria descritiva das actuacións.

f) Para as actuacións da liña A), certificación da demanda enerxética ou, de ser o caso, do consumo de enerxía non renovable previa á actuación e, de ser o caso, os restantes documentos xustificativos sinalados no ordinal noveno das bases reguladoras.

g) Certificado do inicio das obras, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación da resolución da convocatoria.

h) Licenza municipal de obras, no caso de que sexa necesaria pola actuación que se vai realizar. No suposto de non contar aínda coa licenza, achegarase a correspondente solicitude de licenza.

i) Comunicación previa ao concello, cando a actuación non estea sometida a licenza. No caso de teren transcorrido máis de quince (15) días hábiles, contados desde a data da presentación da comunicación previa ao concello, esta deberá vir acompañada dunha declaración responsable da persoa ou entidade promotora da actuación de non ter sido requirida para a súa emenda.



j) No caso de edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, documentación xustificativa destas circunstancias.

4. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física propietaria ou inquilina dunha vivenda unifamiliar ou dunha vivenda en edificio de tipoloxía residencial colectiva, unha comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou agrupación de persoas propietarias, deberán presentar, ademais, de ser o caso, a documentación seguinte:

a) Anexo VI (código de procedemento VI422E), de declaración responsable e comprobación de datos das persoas partícipes nas obras e interesadas na subvención e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia (deben presentarse tantos anexos VI como vivendas partícipes e interesadas na subvención se sinalen nos anexos I e VIII).

b) Anexo VII (código de procedemento VI422E), de declaración responsable de ingresos das persoas integrantes da unidade de convivencia das persoas partícipes nas obras e interesadas na subvención, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante, IRPF), xunto coa seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no dito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en diante, INSS).

– Certificado das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

c) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou das agrupacións de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, e/ou das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de non ser emitido pola Xunta de Galicia.

d) Copia do contrato de alugamento na vivenda obxecto da actuación, con indicación da súa referencia catastral, para o caso de persoas inquilinas promotoras da actuación.



e) Acordo asinado coa persoa propietaria onde conste a autorización para executar as obras e que a persoa inquilina asume o custo destas, a cambio do pagamento da renda. Neste acordo deberá constar expresamente que entre as partes non existe parentesco en primeiro e segundo grao de consanguinidade ou de afinidade nin que son socias ou partícipes de ningunha entidade conxunta.

f) Anexo VIII (código de procedemento VI422E), de certificado do acordo da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias, ou do acordo da agrupación de persoas propietarias, de solicitar a correspondente axuda, de nomear a persoa que as represente na tramitación do expediente e que, ademais, conteña o número de vivendas e a superficie total construída dos locais comerciais partícipes nas obras e interesados na subvención, con indicación da súa referencia catastral.

g) Anexo IX (código de procedemento VI422E), de declaración responsable e comprobación de datos das persoas inquilinas e/ou moradoras que non participen como promotoras da actuación ou propietarias que participen nas obras e non estean interesadas na subvención, só naqueles supostos nos que non se acredite o destino previo da/s vivenda/s como domicilio habitual e permanente exixido nos puntos 2 e 3.b) do ordinal oitavo das bases reguladoras.

5. No caso de que a persoa promotora sexa unha persoa propietaria única dun edificio de tipoloxía residencial colectiva, deberá presentar, ademais, a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa da necesidade de realoxamento das persoas inquilinas para realizar a rehabilitación obxecto da solicitude de subvención, no caso de non cumprir o requisito de residencia establecido no punto 3.b) do ordinal oitavo das bases reguladoras.

b) Compromiso de destinar as vivendas obxecto de rehabilitación ao domicilio habitual das súas persoas inquilinas.

Dez. Comprobación de datos.

1. Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (en diante, NIE) da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, de ser o caso, así como das persoas propietarias ou inquilinas dunha



vivenda ou local do edificio, partícipes nas obras e interesadas na subvención, e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, de ser o caso.

b) Número de identificación fiscal (en diante, NIF) da entidade solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante.

d) NIF da entidade representante.

e) Certificado de empadramento da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades e agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou pola agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

f) Certificados de empadramento das persoas inquilinas e/ou moradoras que non participen como promotoras da actuación, ou propietarias que participen nas obras e non estean interesadas na subvención, de ser o caso.

g) Certificados acreditativos de non ter débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (en diante, AEAT), coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

h) Certificado da renda expedido pola AEAT da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou pola agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

i) Certificado do nivel de renda expedido pola AEAT da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou pola agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.





j) Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante ou, de ser o caso, ás persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

k) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas en que se van a levar a cabo as actuacións que acredite o seu uso e o ano de construción, para as actuacións promovidas por comunidades ou por agrupacións de comunidades de persoas propietarias, ou por agrupacións de persoas propietarias ou pola persoa física propietaria.

l) Consulta de bens inmoables.

m) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira, no caso de que fagan constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

n) Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do INSS da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de que fagan constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

ñ) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de que fagan constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

o) Importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de que fagan constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.



p) Certificado acreditativo da discapacidade, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, que participen nas obras e estean interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia nas cales conorra a dita circunstancia e fagan constar na solicitude que lle é de aplicación. No suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, deberá achegarse a correspondente documentación.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado nos anexos I, VI e IX (código de procedemento VI422E) e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Once. Especialidades do procedemento.

1. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

2. Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, a persoa ou a entidade solicitante non poderá modificar a súa solicitude aumentando o importe do custo das actuacións nin variando os tipos de actuacións que se van realizar.

3. O órgano instrutor remitiralle o expediente ao servizo técnico das áreas provinciais para a elaboración dun informe, no cal se definirá a tipoloxía das actuacións requiridas, o prazo máximo de execución e o orzamento da actuación.

4. Unha vez completado o expediente e despois das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da correspondente área provincial do IGVS emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, quen resolverá o que segundo dereito proceda.



5. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as resolucións de denegación das axudas solicitadas poderanse publicar na páxina web do IGVS [www.igvs.xunta.es](http://www.igvs.xunta.es), logo de publicación desta circunstancia no DOG.

Doce. Resolución e recursos.

1. O prazo para resolver a concesión da axuda será de tres (3) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo establecido sen que se dite e notifique a resolución, as persoas ou entidades solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

2. A resolución estimatoria indicará as actuacións subvencionables, o seu custo, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para executar a obra, así como o prazo para a súa finalización.

Para o caso de que a subvención se configurase con carácter plurianual, a resolución de concesión fixará os importes da subvención correspondentes a cada una das anualidades, que deberán ser xustificadas na forma sinalada no ordinal vixésimo terceiro das bases reguladoras. O importe dos pagamentos a conta non poderá ser superior, en ningún caso, ao 80 % do total da subvención e non poderá superar o importe máximo de 18.000 euros, nin exceder a anualidade prevista para cada exercicio orzamentario na resolución de concesión.

3. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro da correspondente área provincial do IGVS; considerarase data de presentación aquela en que a solicitude quede validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta resolución. Non obstante o anterior, se as citadas solicitudes, dentro do prazo previsto para a súa presentación, fosen complementadas co achegamento da licenza ou, de ser o caso, da declaración responsable, terán como data de presentación aquela en que se achegue a citada documentación. As solicitudes que, unha vez vencido o prazo de presentación, fosen complementadas nos termos indicados, considéranse, en prol da prelación que se indica no parágrafo seguinte, como en posesión de solicitude de licenza ou, de ser o caso, de simple comunicación previa.

Dentro das solicitudes presentadas, terán prioridade aquelas que, dentro do prazo de presentación de solicitudes, conten con licenza de obras ou comunicación previa, acom-



pañada da declaración responsable prevista no ordinal décimo cuarto, parágrafo 1.i) das bases reguladoras e, finalmente, as que só contén con solicitude de licenza ou con comunicación previa.

4. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS pode-rase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

5. As persoas ou entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entendera-se tacitamente aceptada.

Trece. Xustificación da subvención.

1. As persoas ou as entidades beneficiarias deberanlle comunicar á correspondente área provincial do IGVS o remate das obras relativas a cada unha das anualidades previstas na resolución de concesión. A comunicación deberase realizar nun prazo máximo de quince (15) días, contado, ben desde o día seguinte ao da finalización das obras, ben desde o remate do prazo máximo fixado na resolución de concesión da subvención para a terminación de cada anualidade das obras. A comunicación realizarase mediante a presentación do anexo X (código de procedemento VI422E).

2. Coa comunicación de execución parcial de obras deberase xuntar a seguinte documentación:

a) Certificado de inicio das obras, no caso de que non se presentase con anterioridade.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, en que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que lle corresponda xustificar. Conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberase xustificar mediante extractos ou certificacións ban-



carias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa ou entidade solicitante. No caso de seren beneficiarias conxuntamente das axudas para as liñas A) e B), deberase xuntar un informe dos importes das facturas que se corresponden con cada actuación.

c) Memoria explicativa das obras realizadas, asinada, se fose o caso, por persoa técnica competente.

d) Fotografías que mostren as obras realizadas.

e) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

f) Licenza de obras, no caso de actuacións sometidas a este réxime, sempre que non se achegase con anterioridade.

3. Coa comunicación final das obras deberase achegar, ademais da documentación sinalada no punto anterior, a seguinte:

a) Certificado de finalización das obras e, cando proceda, as correspondentes autorizacións administrativas polas instalacións realizadas.

b) No caso de actuacións da liña A), de mellora de eficiencia enerxética e sustentabilidade:

– Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións en que se acredite a redución da demanda ou de consumo, emitido por persoa técnica competente.

– Acta de medición que acredite a mellora das condicións de protección fronte ao ruído, se non se xustifica previamente mediante as opcións recollidas no Documento básico de protección fronte ao ruído do CTE.



– Acta de medición da situación unha vez finalizadas as obras que acredite o cumprimento da redución de forma efectiva da concentración da media anual do radón no interior da vivenda, de non utilizar as solucións que recolla o documento básico de salubridade-protección fronte ao radón do CTE.

4. Esta documentación presentarse na mesma forma que a solicitude e a documentación complementaria.

5. Transcorridos os prazos indicados sen que as persoas ou entidades beneficiarias presenten a documentación xustificativa da anualidade correspondente, o órgano instrutor requirirá que a presenten nun prazo improrrogable de dez (10) días.

6. En ningún caso se admitirá a presentación de documentación xustificativa, parcial ou final, da subvención con posterioridade ao 30 de novembro de cada unha das anualidades comprendidas na resolución de concesión, salvo que o requirimento sinalado no número anterior se fíxese dentro dos dez (10) días anteriores a esa data.

7. No caso de que o ritmo de execución das obras sexa diferente ao establecido na resolución de concesión, poderanse reaxustar as anualidades, previa solicitude da persoa ou da entidade beneficiaria, conforme o establecido no ordinal décimo sétimo das bases reguladoras, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización.

8. No caso de non se ter presentado a xustificación da anualidade correspondente nos prazos indicados nin se ter concedido un reaxuste das anualidades, perderase o dereito ao cobramento da parte da subvención correspondente á citada anualidade, o que será notificado á persoa ou á entidade beneficiaria a través da oportuna resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

9. Unha vez presentada a documentación xustificativa e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da área provincial do IGVS emitirá certificado acreditativo das verificacións realizadas, no cal se detallarán expresamente os principais requisitos exixidos nas bases reguladoras e o alcance das comprobacións practicas, e elevará unha proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, quen resolverá en atención aos recursos económicos dispoñibles.



Catorce. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

As persoas e/ou entidades beneficiarias terán as obrigas recollidas no ordinal vixésimo quinto da Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as súas bases reguladoras.

III. Convocatoria das subvencións do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, correspondente ás ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (código de procedemento VI408H).

Décimo cuarto. *Convocatoria das subvencións do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, correspondentes ás ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (código de procedemento VI408H)*

Un. Obxecto.

1. Estas subvencións están dirixidas a financiar, no marco do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, actuacións de rehabilitación ou renovación de edificios e vivendas situadas nos ámbitos das ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (código de procedemento VI408H).

2. As actuacións obxecto de financiamento deberán contar coa correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada polo IGVS.

Dous. Crédito orzamentario.

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451.A.780.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte distribución:

ARI Camiños de Santiago	
Aplicación 07.83.451A.780.6	Importe 2020
Proxecto 201800007 FFE	1.000.000 €
Proxecto 201800003 FCA	150.000 €
ARI Illas Atlánticas	
Aplicación 07.83.451A.780.6	Importe 2020
Proxecto 201800007-FFE	85.000 €
Proxecto 201800003-FCA	15.000 €



Tres. Actuacións subvencionables.

1. De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, considéranse actuacións obxecto de cualificación as seguintes:

a) As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa do fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética nos termos establecido no citado artigo.

b) As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

c) A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

d) As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

2. As actuacións deberán estar entre as comprendidas no catálogo de actuacións que figura como anexo II na resolución pola que se aproban as bases reguladoras.

Catro. Persoas ou entidades beneficiarias.

1. No ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, poderán ser persoas ou entidades beneficiarias das subvencións desta convocatoria:

a) As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo.

b) As agrupacións de persoas propietarias.

c) As persoas físicas propietarias de edificios ou vivendas.





2. No ámbito da ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas, ademais das recollidas no número anterior, tamén poderán ser persoas beneficiarias das subvencións desta convocatoria:

– As persoas físicas con algún dereito real sobre un edificio ou vivenda situada neste ámbito.

– As persoas titulares dunha concesión sobre un edificio ou vivenda situada neste ámbito.

3. Para seren beneficiarias destas subvencións, as persoas e entidades sinaladas nos números anteriores deberán estar en posesión da correspondente cualificación definitiva da actuación outorgada polo IGVS.

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria de subvencións do Plan 2018-2021 as persoas e entidades que, estando en posesión da cualificación definitiva da actuación conforme a normativa da prórroga do Plan 2013-2016, non obtivesen as subvencións con anterioridade, salvo nos supostos de que lles fosen denegadas por non cumprir os requisitos exixidos.

4. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias, deberán posuír a nacionalidade española ou, no suposto das persoas estranxeiras, ter a residencia legal en España.

5. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

6. No caso de que a solicitante sexa unha comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos números anteriores deberán cumprilos por todos os seus membros.

7. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe



dela como o custo das obras se deba repercutir nas persoas propietarias e, de ser o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes desta convocatoria comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará ao esgotarse a da partida orzamentaria contida nesta convocatoria, o que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS e, en todo caso, o día 30 de outubro de 2020.

Seis. Solicitudes e documentación complementaria.

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do formulario que se incorpora como anexo II a esta resolución (código de procedemento VI408H). Deberase dirixir á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou edificio obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación.

2. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa ou entidade solicitante. A representación deberase acreditar a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos>.

b) Anexo XI (código de procedemento VI408H), de certificado da persoa que exerza as funcións de secretaría da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou de quen representa a agrupación de persoas propietarias, no cal se recolla tanto o acordo de solicitar a subvención do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural das ARI dos Camiños de Santiago ou do Parque Nacional das Illas Atlánticas, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente a comunidade de persoas propietarias, agrupación de comunidades de persoas propietarias ou a agrupación de persoas propietarias.

c) Anexo XII (código de procedemento VI408H), debidamente cuberto, no que se relacionen as persoas propietarias das vivendas e locais do edificio, partícipes nas actuacións



de rehabilitación ou renovación e interesadas na subvención. Neste anexo cubriranse, de ser o caso, as declaracións de non estar incurso en ningunha das circunstancias do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Anexo XIII (código de procedemento VI408H), de declaración responsable e comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia da persoa solicitante, no caso de actuacións en vivendas unifamiliares ou actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

e) Certificado acreditativo da discapacidade da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia nas cales conorra a dita circunstancia, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

f) No caso de edificios ou vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, documentación xustificativa destas circunstancias.

3. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa ou entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo foron presentados. Presumirase que o acceso a estes documentos é autorizado polas persoas ou entidades interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa, caso en que deberá presentar copia do correspondente documento.

4. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, a área provincial do IGVS poderá requirirle a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos contidos a que se refire o documento.

Sete. Comprobación de datos.

1. Para tramitar deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, de ser o caso, así como das persoas propietarias dunha vivenda ou local do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación ou renovación e interesadas na subvención, de ser o caso.



b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa física representante.

d) NIF da entidade representante.

e) Certificados acreditativos do cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT, de obrigas coa Seguridade Social e/ou coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, así como da entidade solicitante e, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

f) Certificación catastral de titularidade correspondente á persoa ou entidade solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

g) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas na que se van a levar a cabo as actuacións que acredite o seu uso por parte da persoa ou entidade solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

2. No caso de actuacións realizadas en vivendas unifamiliares ou de actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva, consultaránse ademais os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira, de ser o caso.

b) Certificado da renda sobre as persoas físicas (IRPF) e nivel de renda da persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.

c) Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do INSS, da persoa solicitante así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.

d) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia da persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.



e) Importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.

f) Certificado acreditativo da discapacidade, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia nas cales concorra a dita circunstancia e fagan constar na solicitude que lle é de aplicación. No suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, deberase achegar a correspondente documentación.

g) Certificado de empadramento da persoa propietaria promotora da actuación, para os efectos do cálculo da porcentaxe máxima do 75 % do custo subvencionable da actuación.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta dos datos ou documentos elaborados polas administracións públicas, deberán facer constar a súa oposición expresa no cadro habilitado para os efectos nos anexos II, XII e XIII (código de procedemento VI408H) e, de ser o caso, achegar os documentos correspondentes.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Oito. Resolución e recursos.

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución de concesión será de dous (2) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo establecido sen se ditar e notificar a resolución expresa, a persoa ou entidade solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

2. A resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS é susceptible de recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### Nove. Xustificación da subvención.

A resolución da cualificación definitiva da actuación de rehabilitación ou renovación terá a consideración de memoria de actuación e memoria económica para os efectos do previsto no artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como de comproba-



ción material do investimento para os efectos previstos no artigo 30, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Dez. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

As persoas e/ou entidades beneficiarias terán as obrigas recollidas no ordinal trixésimo terceiro da Resolución do 20 de xuño de 2019 pola que se establecen as súas bases reguladoras.

IV. Convocatoria das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, para o exercicio 2020, con carácter plurianual (código de procedemento VI422F).

Décimo quinto. *Convocatoria das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, para o exercicio 2020, con carácter plurianual (código de procedemento VI422F)*

Uno. Obxecto.

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as antigas vivendas de mestres, as doutros oficios e as demais edificacións da súa titularidade e as adxudiquen, en réxime de alugamento, conforme o procedemento establecido no Programa de vivendas baleiras ou a norma que o substitúa, a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.

Dous. Crédito orzamentario.

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 152.850 euros para a anualidade 2020 e por importe de 1.666.210 euros para a anualidade 2021.

Tres. Actuacións subvencionables.

1. Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e en vivendas de titularidade municipal que garantan o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou a accesibilidade. Entre as condicións de habitabilidade poderanse incluír a execución de medidas que eviten a



entrada no edificio do gas radón ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

2. As actuacións subvencionables incluirán, para os efectos de determinación do custo total das obras, as seguintes actuacións preparatorias: os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Tamén serán subvencionables os gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, de conformidade co artigo 131 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas: gastos xerais e beneficio industrial. No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

Non obstante o anterior, non se aboarán as facturas correspondentes as obras executadas con anterioridade ao ano natural en que se publique a resolución de convocatoria. Exceptúanse as facturas correspondentes a actuacións preparatorias, as referidas a aprovisionamentos de material previos e/ou a pagamentos anticipados en que a execución de obra se realice, igualmente, no ano natural en que se publique a resolución de convocatoria.

3. Para o caso de actuacións plurianuais, o importe do orzamento que se vai executar na anualidade 2020 non poderá superar o 15 % do orzamento total da actuación.

Catro. Concellos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Contar con menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data de publicación da presente convocatoria.

b) Contar cun número de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello, cando menos, igual ao de vivendas para as cales se solicita a axuda.

c) Ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano desta convocatoria no que o seu prazo de presentación estivese vencido.



d) Estar adherido ou en proceso de adhesión ao Convenio de colaboración asinado entre o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 ou a norma que o substitúa.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que estean nalgún dos supostos previstos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará no momento de esgotamento do crédito orzamentario, que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS e, en todo caso, o día 30 de abril de 2020.

Seis. Solicitudes e documentación complementaria.

1. A solicitude realizarase conforme o formulario que se incorpora como anexo III desta resolución (código de procedemento VI422F). Deberá dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a edificación ou a vivenda.

2. No caso de que os concellos pretendan financiar varias actuacións a través desta convocatoria, deberán presentar unha solicitude para cada unha delas.

3. A solicitude deberá formalizala, en representación do concello, a persoa titular da alcaldía ou a persoa en quen esta delegue.

4. Coa solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo municipal de solicitar a subvención ao IGVS, con aceptación dos termos da convocatoria, de conformidade coa memoria, o orzamento e o prazo de execución propostos na documentación que se xunta coa solicitude.

b) Certificado da secretaría municipal en que se acredite que a edificación ou a vivenda obxecto de rehabilitación é de titularidade municipal e de que se cumpren os requisitos recollidos no artigo cinco das bases reguladoras.





c) Proxecto técnico ou memoria relativa á actuación que se vai realizar na edificación ou na vivenda. Deberá vir acompañado da seguinte documentación:

– Informe asinado polo/a correspondente técnico/a municipal relativo á localización da edificación ou da vivenda, ao ámbito en que se inclúe, ás súas características e ao seu estado de deterioración. Este informe conterá unha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou da vivenda e unha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

– Memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución. Este calendario é necesario para establecer a repartición das anualidades no momento da concesión da subvención.

– Informe do/da técnico/a municipal de que a actuación proposta cumpre coa lexislación vixente.

Sete. Comprobación de datos.

1. Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa representante.

b) NIF do concello.

2. Cando os concellos interesados se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar no correspondente cadro habilitado para tal efecto no anexo VIII (código de procedemento VI422F) e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar aos concellos interesados que presenten os documentos correspondentes.

Oito. Resolución e recursos.

1. A resolución de concesión indicará as actuacións subvencionables, o seu custo, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, así como o prazo para a súa finalización. Ademais, fixará a contía da subvención concedida, que, de ser o caso, poderá ter carácter plurianual.



2. Para a concesión das axudas atenderase á orde cronolóxica de entrada das solicitudes en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nas bases reguladoras e nesta resolución.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dous (2) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima o concello interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación.

Nove. Xustificación da subvención.

A xustificación da execución das obras subvencionadas realizarase conforme ao seguinte procedemento:

1. O concello beneficiario deberalle comunicar á correspondente área provincial do IGVS o remate das obras nun prazo máximo de quince (15) días. Este prazo comezará a contar desde a súa finalización ou desde o remate do prazo máximo fixado na resolución de concesión da subvención para a terminación das obras. A comunicación deberase facer por vía electrónica, conforme o anexo XIV (código de procedemento VI422F), na cal se deberá facer unha declaración de estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder realizar o pagamento de acordo co artigo 60.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Xunto co citado anexo deberase xuntar, segundo os casos, a seguinte documentación:

A. Para o caso de xustificar a comunicación parcial das obras:

– Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación por parte do órgano competente da conta xustificativa da



parte executada da subvención, en que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que se certifica, así como os conceptos e contías relativos aos gastos totais soportados polo concello e imputables a esta certificación, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora; número de factura ou documento equivalente; certificación da obra; importe; data de emisión e recoñecemento da obriga polo órgano competente.

A citada conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

O importe xustificado á conta non poderá ser superior, en ningún caso, ao 80 % do total da subvención concedida.

– Memoria explicativa das obras realizadas.

– Fotografías que mostren as obras realizadas.

– Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios e recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.

– Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e da súa procedencia.

– Copia de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

B. Para o caso de xustificar a comunicación final das obras:

Co remate das obras deberase presentar, xunto coa documentación relativa ás obras executadas e non xustificadas con anterioridade, de acordo co disposto no punto anterior,



unha certificación da secretaría do concello acreditativa desta circunstancia, acompañada da súa acta de recepción, onde se indique que se cumpriu a finalidade da subvención, así como que o concello ten aprobadas e publicadas as bases do Programa de vivendas baleiras. No caso de tela presentado anteriormente, non será necesario achegar a documentación sinalada na letra f) do punto anterior.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o concello beneficiario presente a documentación xustificativa, o órgano instrutor requiriralla para que a presente nun prazo de dez (10) días.

3. En ningún caso se admitirá a presentación de documentación xustificativa da subvención con posterioridade ao 30 de novembro do ano da convocatoria, salvo que o requirimento sinalado no número anterior se fixese dentro dos dez (10) días anteriores a esa data.

4. No caso de que o ritmo de execución das obras fose diferente ao establecido na resolución de concesión, poderanse reaxustar as anualidades mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, logo de solicitude do concello, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización.

5. No caso de non terse presentado a xustificación da anualidade correspondente nos prazos indicados nin terse procedido a un reaxuste das anualidades, perderase o dereito ao cobramento da parte da subvención correspondente á citada anualidade, o que lle será notificado ao concello interesado a través da oportuna resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

6. Unha vez presentada a documentación xustificativa e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da área provincial do IGVS emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará unha proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Dez. Obrigas dos concellos beneficiarios.

Os concellos beneficiarios terán as obrigas recollidas no artigo 19 da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as súas bases reguladoras.



V. Convocatoria das subvencións para o Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (código de procedemento VI406A).

Décimo sexto. *Convocatoria das subvencións para o Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (código de procedemento VI406A)*

Uno. Obxecto.

1. Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para que poidan axudar con carácter urxente ás unidades de convivencia que residan, en condicións de propietarias, nunha infravivenda e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

2. Así mesmo, estas subvencións terán por obxecto permitirles aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes rehabilitar infravivendas do seu patrimonio municipal para destinalas a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpren os requisitos fixados nas bases reguladoras.

Dous. Crédito orzamentario.

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.760.0, por importe de 100.000 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2020.

Tres. Actuacións subvencionables.

Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e vivendas, co obxecto de que estas acaden unhas mínimas condicións de habitabilidade.

En concreto, serán subvencionables con cargo a este programa as actuacións que teñan por obxecto:

- A reforma ou rehabilitación de elementos exteriores.
- A mellora das condicións estruturais e de seguranza.



– A mellora da accesibilidade da edificación ou das vivendas.

– A mellora da habitabilidade. Dentro destas últimas, será subvencionable a execución de obras que eviten a entrada no edificio do gas radón ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

Catro. Concellos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data de publicación da presente convocatoria.

2. Para poderen ser beneficiarios destas subvencións, os concellos deberán ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano da convocatoria, en que o seu prazo de presentación estivese vencido.

3. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que estean nalgún dos supostos previstos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes desta convocatoria comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará co esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria –que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS– e, en todo caso, o día 30 de abril de 2020.

Seis. Solicitudes e documentación complementaria.

1. A solicitude de concesión realizarase conforme o formulario que se incorpora como anexo IV (código de procedemento VI406A) desta convocatoria. Deberase dirixir á área provincial do IGVS onde estea situada a edificación ou a vivenda.

2. No caso de que os concellos pretendan financiar varias actuacións a través desta convocatoria, deberán presentar unha solicitude para cada unha delas. Ningún concello poderá presentar máis dunha solicitude para a mesma infravivenda na mesma convocatoria nin poderá solicitar unha subvención para traballos correspondentes a actuacións xa subvencionadas en convocatorias anteriores na mesma infravivenda.



3. A solicitude deberá formalizala, en representación do concello, a persoa titular da alcaldía ou a persoa en quen esta delegue.

4. Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo municipal de solicitar a subvención ao IGVS, con aceptación dos termos da convocatoria, de conformidade coa memoria, o orzamento e o prazo de execución propostos na documentación que se xunta coa solicitude.

b) Para o suposto de que a vivenda sexa de titularidade privada, o anexo XV (código de procedemento VI406A) de autorización das persoas propietarias do inmovible, membros da unidade de convivencia, para que o concello execute as obras de rehabilitación, así como o compromiso de dedicar a vivenda a domicilio habitual e permanente da unidade de convivencia durante un prazo non inferior a cinco anos, contado desde a finalización das obras.

c) Certificado da secretaría municipal en que se acredite ter cumpridos os requisitos recollidos no artigo 7 das bases reguladoras.

d) Proxecto técnico ou memoria relativa á infravivenda obxecto das actuacións. Deberá vir acompañado da seguinte documentación:

– Informe social sobre as circunstancias persoais, así como das económico-sociais de cada un dos membros da unidade de convivencia. No caso de tratarse dunha infravivenda de titularidade municipal que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este informe.

– Informe asinado pola persoa técnica municipal relativo á localización da infravivenda, das súas características e do seu estado de deterioración. Este informe deberá ir acompañado dunha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou vivenda e dunha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

– Memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución.

– Informe da persoa técnica municipal de que as actuacións propostas cumpren coa lexislación vixente.

– Informe municipal sobre o financiamento da actuación que xustifique a súa viabilidade.



– Certificado do correspondente órgano do concello de que o nivel de renda da unidade de convivencia das persoas beneficiarias entra dentro dos criterios establecidos nesta resolución. No caso de tratarse dunha infravivenda de titularidade municipal que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este certificado.

– No caso de tratarse dunha vivenda de titularidade municipal, certificado da secretaría municipal en que se acredite que a edificación ou vivenda obxecto de rehabilitación é de titularidade municipal.

– No caso de que a edificación ou vivenda pertenza a algún dos membros da unidade de convivencia, certificado da secretaría municipal en que se acredite a propiedade da edificación ou da vivenda obxecto de rehabilitación.

Sete. Comprobación de datos.

1. Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa representante.

b) NIF do concello.

2. Cando os concellos interesados se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar no correspondente cadro habilitado para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar aos concellos interesados que presenten os documentos correspondentes.

Oito. Resolución e recursos.

1. A resolución de concesión indicará as actuacións subvencionables, o seu custo, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, así como o prazo para a súa finalización. Ademais, fixará a contía da subvención concedida.

2. Para a concesión das axudas atenderase á orde cronolóxica de entrada das solicitudes en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde e na correspondente resolución de convocatoria.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dous (2) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima o concello interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación.

Nove. Xustificación da subvención.

A xustificación da execución das obras subvencionadas realizarase conforme o seguinte procedemento:

1. O concello beneficiario deberalle comunicar á correspondente área provincial do IGVS o remate das obras nun prazo máximo de quince (15) días. Este prazo comezará a contar desde a súa finalización ou desde o remate do prazo máximo fixado na resolución de concesión da subvención para a terminación das obras. A comunicación deberase facerse por vía electrónica, conforme o anexo XVI (código de procedemento VI406A), no cal se deberá facer unha declaración de estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, para poder realizar o pagamento de acordo co artigo 60.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Xunto co citado anexo deberase xuntar, segundo os casos, a seguinte documentación:

– Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na cal se faga constar de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención, así como os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello e imputables a esta actuación, coa seguinte relación: identificación da persoa



acredora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e recoñecemento da obriga polo órgano competente.

A citada conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

– Memoria explicativa das obras realizadas.

– Fotografías que mostren as obras realizadas.

– Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios e recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.

– Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e da súa procedencia.

– Copia de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o concello beneficiario presente a documentación xustificativa, o órgano instrutor requirirao para que a presente nun prazo de dez (10) días.

3. En ningún caso se admitirá presentación de documentación xustificativa da subvención con posterioridade ao 30 de novembro do ano da convocatoria, salvo que o requirimento sinalado no número anterior se fixese dentro dos dez (10) días anteriores a esa data.

4. Unha vez presentada a documentación xustificativa e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da área provincial do IGVS emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará unha proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.



Dez. Obrigas dos concellos.

Os concellos beneficiarios terán as obrigas recollidas no artigo 21 da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as súas bases reguladoras.

VI. Convocatoria das subvencións do Programa Rehaluga, dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras (código de procedemento VI426C).

Décimo sétimo. *Convocatoria das subvencións do Programa Rehaluga, dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras (código de procedemento VI426C)*

Uno. Obxecto.

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas nas que se realizaron actuacións para a súa incorporación ao Programa de vivendas baleiras, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Dous. Crédito orzamentario.

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 07.83.451A.780.7, por un importe de 20.000 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para á anualidade 2020.

Tres. Actuacións subvencionables.

1. Serán subvencionables as seguintes actuacións realizadas na vivenda incorporada ao Programa de vivendas baleiras:

a) Obras de conservación e mantemento.

b) Obras de rehabilitación precisas para garantir a habitabilidade da vivenda, así como as obras necesarias para o correcto funcionamento das súas instalacións e/ou para a súa adaptación á normativa vixente.

c) Axustes na distribución interior da vivenda que non impliquen unha alteración substancial da súa configuración.



2. Na execución das actuacións que afecten fachadas, carpintaría exterior e/ou cuberta das edificacións seguiranse os criterios fixados na Guía de cor e materiais elaborada pola Xunta de Galicia.

Catro. Persoas beneficiarias.

Poderanse beneficiar destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas e, pola súa vez, promotoras das actuacións subvencionables. Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia no momento da concesión da subvención.

b) Non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará co esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria –que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS– e, en todo caso, o día 10 de novembro de 2020.

Seis. Solicitudes.

1. A solicitude de concesión realizarase conforme ao formulario que se incorpora como anexo V (código de procedemento VI426C) desta resolución. Deberase dirixir á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

2. Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe en nome da persoa solicitante.

b) Título que acredite a propiedade ou o usufruto da vivenda para a cal solicita a axuda.



c) Anexo XVII (código de procedemento VI426C), de xustificación do gasto realizado, co cal se xuntará a seguinte documentación:

– Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas para a concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas.

– Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación do acredor, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberase xustificar mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo solicitante.

d) Requirimento ou informe municipal das actuacións que se van realizar na vivenda.

e) Certificación municipal de que a vivenda está atopa incorporada ao Programa de vivendas baleiras.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo foron presentados. Presumirase que o acceso a estes documentos é autorizado polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

3. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, a área provincial do IGVS poderalle requirir a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos contidos a que se refire o documento.

Sete. Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou, de ser o caso, NIE da persoa solicitante ou da súa representante.

b) Certificacións da AEAT, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



2. Cando as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar nos correspondentes cadros habilitados para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oito. Resolucións e recursos.

1. A resolución estimatoria da concesión indicará as actuacións subvencionables e a contía da subvención concedida.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de dous (2) meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima a persoa solicitante para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. Para a concesión das axudas atenderase á orde cronolóxica de entrada das solicitudes en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde e na correspondente resolución de convocatoria.

4. Contra a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso dealzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución ou desde que se teña presuntamente desestimada a solicitude.

Nove. Xustificación da subvención.

A xustificación da subvención realizarase coa presentación do anexo XVII, xunto coa documentación establecida no punto seis, 2.c) desta convocatoria.

Dez. Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias terán as obrigas recollidas no artigo 17 da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as súas bases reguladoras.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2020

Ángeles Vázquez Mejuto  
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIONS DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DA MELLORA DA EFICACIA ENERXÉTICA E SUSTENTABILIDADE EN VIVENDAS E DE FOMENTO DA CONSERVACIÓN, DA MELLORA DA SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI422E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

<b>DATOS BANCARIOS</b>																	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.																	
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)													
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
 (continuación)

De conformidade co punto 2 do ordinal décimo terceiro das bases reguladoras, deben estar cubertos na presentación da solicitude todos os campos específicos de datos do edificio ou vivenda que se vai rehabilitar, resumo valorado das actuacións de rehabilitación previstas e anualidades de execución. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que se presenten sen cubrir estes campos obrigatorios

**DATOS DO EDIFICIO OU VIVENDA QUE SE VAI REHABILITAR**

Edificio de tipoloxía residencial colectiva     
  Vivenda unifamiliar     
  Vivendas situadas en edificios

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

DATA DE FINALIZACIÓN DO EDIFICIO/VIVENDA  REFERENCIA CATASTRAL DO EDIFICIO/VIVENDA  N° TOTAL DE VIVENDAS DO EDIFICIO  N° TOTAL DE VIVENDAS PARTICIPES NAS OBRAS E INTERESADAS NA SUBVENCIÓN

N° TOTAL DE LOCAIS PARTICIPES NAS OBRAS E INTERESADOS NA SUBVENCIÓN  TOTAL M<sup>2</sup> SUPERFICIE CONSTRUÍDA DE LOCAIS PARTICIPES NAS OBRAS E INTERESADOS NA SUBVENCIÓN

SUPERFICIE CONSTRUÍDA SOBRE RASANTE (M<sup>2</sup>)  SUPERFICIE CONSTRUÍDA SOBRE RASANTE CON DESTINO DE VIVENDA (RESIDENCIAL) (M<sup>2</sup>)

EDIFICIO OU VIVENDA DECLARADO BIC, CATALOGADO OU CON PROTECCIÓN INTEGRAL  SI  NON

**RESUMO VALORADO DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN PREVISTAS**

TIPO DE OBRAS QUE SE VAIAN EXECUTAR E VALORACIÓN ATENDENDO Á NORMATIVA DA CONVOCATORIA	CUSTO PREVISTO SEN IVE			
<b>ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES DA LIÑA A)</b>				
<b>Obras para a mellora da eficacia enerxética e da sustentabilidade do edificio ou vivenda (ordinal 9.1 das bases reguladoras)</b>				
Ordinal 9.1.a) Mellora da envolvente térmica				
Ordinal 9.1.b) Instalacións de calefacción, refrixeración...				
Ordinal 9.1.c) Instalación de equipamentos de xeración... enerxías renovables...				
Ordinal 9.1.d) Mellora do parámetro DB-HR contra o ruído				
Ordinal 9.1.e) Mellora do parámetro DB-HS de salubridade... ou de redución de radón				
<b>Ademais das anteriores, para edificios de tipoloxía residencial colectiva as seguintes (ordinal 9.2 das bases reguladoras)</b>				
Ordinal 9.2.a) Mellora da eficacia enerxética de instalacións comúns de ascensores e iluminación...				
Ordinal 9.2.b) Mellora das instalacións ou mecanismos para favorecer o aforro da auga...				
Ordinal 9.2.c) Mellora para favorecer a recollida, separación e tratamento de residuos domésticos...				
Ordinal 9.2.d) Acondicionamento dos espazos privativos para mellorar a permeabilidade do solo...				
Ordinal 9.2.e) Mellora da mobilidade sustentable en servizos e instalacións comúns...				
Ordinal 9.2.f) Instalacións de fachadas ou cubertas vexetais				
Ordinal 9.2.g) Instalacións de sistemas de domótica e/ou sensórica				
	De calefacción		De refrixeración	
	Total	%	Total	%
Demanda global enerxética en kWh/m <sup>2</sup> ano				
Demanda global enerxética prevista despois da mellora en kWh/m <sup>2</sup> ano				
Redución da demanda global enerxética (en valores absolutos e porcentuais)				
<b>Outros gastos imputables</b>				
Redacción de proxectos				
Honorarios de profesionais que interveñen				
Informes técnicos				
Certificados necesarios				
Gastos de tramitación administrativa necesarios				
Outros gastos xerais similares				
	<b>SUMA TOTAL LIÑA A)</b>			






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**RESUMO VALORADO DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN PREVISTAS** (continuación)

TIPO DE OBRAS QUE SE VAIAN EXECUTAR E VALORACIÓN ATENDENDO Á NORMATIVA DA CONVOCATORIA	CUSTO PREVISTO SEN IVE
<b>ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE DA LIÑA B)</b>	
<b>Obras para a conservación, a mellora da seguridade da utilización e da accesibilidade en vivendas. Ordinal 10 das bases reguladoras</b>	
Ordinal 10.1.a) Conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións	
Ordinal 10.1.b) Conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras	
Ordinal 10.1.c) As de adecuación interior da vivenda ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene	
Ordinal 10.2.a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou dispositivos de accesibilidade...	
Ordinal 10.2.b) Instalación ou dotación de produtos de apoio tales como guindastres...	
Ordinal 10.2.c) Instalación de elementos de información ou aviso...	
Ordinal 10.2.d) Instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación...	
Ordinal 10.2.e) Instalación domótica ou outros avances para a autonomía personal...	
Ordinal 10.2.f) Intervencións de accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas...	
Ordinal 10.2.g) Intervención que mellore o cumprimento dos parámetros DB-SUA de seguridade e accesibilidade...	
<b>Outros gastos imputables</b>	
Redacción de proxectos	
Honorarios de profesionais que interveñen	
Informes técnicos	
Certificados necesarios	
Gastos de tramitación administrativa necesarios	
Outros gastos xerais similares	
<b>SUMA TOTAL LIÑA B)</b>	
<b>IMPORTE TOTAL PREVISTO DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN (A+B)</b>	

**ANUALIDADES DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

LIÑA A)			LIÑA B)		
ANO	IMPORTE DO ORZAMENTO	PORCENTAXE	ANO	IMPORTE DO ORZAMENTO	PORCENTAXE
2019*			2019*		
2020			2020		
2021			2021		

\* Só para os casos en que tivesen presentada a solicitude de axudas ao abeiro da Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2019, e lle fose denegada por esgotamento do crédito orzamentario.

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.  
 Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

2. Que non se lle revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables a esta persoa ou entidade solicitante.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
5. Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa física ou entidade solicitante, de ser o caso
- Escritura pública, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da vivenda, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física ou agrupacións de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais
- Copia da escritura da división horizontal, no caso de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias
- Proxecto técnico ou, se non fose preciso para a autorización das obras, memoria descritiva das actuacións que se vaian realizar, co contido sinalado no punto 5º do ordinal oitavo das bases reguladoras
- Informe técnico con data anterior á presentación da solicitude de axuda que acredite a necesidade da actuación, salvo que a xustificación da actuación se acredite no proxecto técnico ou na memoria descritiva das actuacións
- Certificación da demanda enerxética ou, de ser o caso, do consumo de enerxía non renovable previa á actuación e, de ser o caso, os restantes documentos xustificativos sinalados no ordinal noveno das bases reguladoras para actuacións da liña A)
- Certificado de inicio das obras, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data de publicación da resolución de convocatoria
- Licenza municipal de obras, no caso de que sexa necesaria pola actuación que se vai realizar, ou solicitude desta, se non se dispón de licenza
- Comunicación previa ao concello, cando a actuación non estea sometida a licenza. No caso de transcorrerem máis de 15 días hábiles contados desde a data de presentación da comunicación previa ao concello, esta deberá vir acompañada dunha declaración responsable da persoa ou entidade promotora da actuación de non ter sido requirida polo concello para a súa emenda
- Documentación xustificativa no caso de edificios declarados BIC, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de protección urbanística correspondente, de ser o caso

**Cando a solicitante sexa unha persoa física propietaria ou inquilina dunha vivenda unifamiliar ou dunha vivenda en edificio de tipoloxía residencial colectiva, unha comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou agrupación de persoas propietarias, deberán presentar, ademais, de ser o caso:**

- Anexo VI (código de procedemento VI422E), de declaración responsable e comprobación de datos das persoas partícipes nas obras e interesadas na subvención e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia (deben presentarse tantos anexos VI como vivendas partícipes e interesadas na subvención se sinalen nos anexos I e VIII)
- Anexo VII (código de procedemento VI422E), de declaración responsable de ingresos das persoas integrantes da unidade de convivencia das persoas partícipes nas obras e interesadas na subvención, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do IRPF
- Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do IRPF
- Certificado de pensións ou prestacións periódicas emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do IRPF
- Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do IRPF
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou de agrupacións de persoas propietarias, que participen nas obras e que estean interesadas na subvención e/ou das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de non ser emitido pola Xunta de Galicia
- Copia do contrato de alugamento na vivenda obxecto de actuación, con indicación da súa referencia catastral, para o caso de persoas inquilinas promotoras da actuación
- Acordo asinado coa persoa propietaria onde conste a autorización para executar as obras e que a persoa inquilina asuma o custo destas a cambio do pagamento da renda. Neste acordo deberá constar expresamente que entre as partes non existe parentesco en primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade nin que son socias ou partícipes de ningunha entidade conxunta.
- Anexo VIII (código de procedemento VI422E), de certificado do acordo da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias, ou do acordo da agrupación de persoas propietarias, de solicitar a correspondente axuda, de nomear a persoa que as represente na tramitación do expediente e que, ademais, conteña o número de vivendas e a superficie total construída dos locais comerciais partícipes nas obras e interesados na subvención, con indicación da súa referencia catastral
- Anexo IX (código de procedemento VI422E), de declaración responsable e comprobación de datos das persoas inquilinas e/ou moradoras que non participen como promotoras da actuación ou propietarias que participen nas obras e non estean interesadas na subvención, só naqueles supostos en que non se acredite o destino previo da/s vivenda/s como domicilio habitual e permanente exixido nos puntos 2 e 3.b) do ordinal oitavo das bases reguladoras




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** (continuación)

Cando a promotora sexa unha persoa propietaria única dun edificio de tipoloxía residencial colectiva, deberá presentar ademais:

- Memoria xustificativa da necesidade de realoxamento das persoas inquilinas para realizar a rehabilitación obxecto da solicitude de subvención, no caso de non cumprir o requisito de residencia establecido no punto 3.b) do ordinal oitavo das bases reguladoras
- Compromiso de destinar as vivendas obxecto de rehabilitación ao domicilio habitual das súas persoas inquilinas

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de empadramento	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado da renda (IRPF)	<input type="checkbox"/>
Nivel de renda (IRPF)	<input type="checkbox"/>
Certificación catastral de titularidade	<input type="checkbox"/>
Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas en que se van levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso e o ano de construción	<input type="checkbox"/>
Consulta de bens inmoables	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira, de ser o caso	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das prestacións percibidas, outorgadas polo INSS	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Importes de prestación por desemprego	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

**ANEXO I**  
(continuación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento da mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Resolución do 18 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras

Resolución do 6 de febreiro de 2020 pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación xestionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2020 (códigos de procedemento VI422E, VI408H, VI422F, VI406A e VI426C).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data


,  de  de

galicia

 Xacobeo 2021



Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: df9ivf87-ehk1-o9m3-dq01-1y2mafgepjg6



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998


<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO II

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL NO ÁMBITO DA ARI DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO OU DA ARI DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS</b>		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>VI408H</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
TIPO <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚM. <input type="text"/>	BLOQ. <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b> As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.			
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
<input type="radio"/> Postal (cobrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).			
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.			
TIPO <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚM. <input type="text"/>	BLOQ. <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
